



JMMC/nls
17/11/06

Rexistro de MVMC
Sección Provincial de A Coruña
Edf. Advo. Monelos, 5º Pranta-A Coruña

En cumprimento do acordo de data 02/02/06 adoptado polo Xurado de Montes Veciñais en man común da Coruña, se lle comunica o seguinte:

Primeiro.- O monte Deira e Pedroso foi incluído no Catálogo de Montes de utilidade pública da provincia da Coruña de 1.901 co número 148, o cal asigna a súa pertenza á parroquia de Cespón, do termo municipal de Boiro e atópase consorciado para a súa repoboación co elenco C-2150. O deslinde administrativo do monte Deira e Pedroso foi aprobado por Orden Ministerial de data 31/05/1967, que modificou a inscrición que do monte existía no Catálogo de UP. A superficie do monte atópase configurada en dúas parcelas, Parcela I e II

Segundo.- Que o Xurado Provincial de Montes veciñais en man común da Coruña, á solicitude de diversos veciños dos lugares de Brión, Boliña, San, Vista Alegre e Berres, en reunión de data 13/06/1997, acordou a iniciación do expediente de clasificación nº 345 en relación a unha parte da parcela nº II do monte Deira e Pedroso. Tramitado o correspondente expediente, e tra-lo cumprimento dos trámites legais e regulamentarios, o Xurado, en reunión de data 17/11/1999, acordou non cualificar coma veciñal en man común a parte do monte Deira e Pedroso afectado polo expediente.

Terceiro.- Que en data 23/03/06, o Xurado Provincial de montes veciñais en man común da Coruña comunica ó Servizo Provincial de Montes e IIFF o acordo dese órgano adoptado en data 02/02/06, polo que se acata, por unanimidade dos membros do Xurado, os termos da sentenza de data 10 de novembro de 2005 dictada no recurso de apelación nº 5418/2002, polo que se desestiman os recursos interpostos pola Consellería de Medio Ambiente e Concello de Boiro contra a sentenza dictada en data 27/07/02



polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 da Coruña no procedemento ordinario nº 81/2001, que declara o Monte Deira e Pedroso (referido ó expediente de clasificación nº 345 excluído o cemiterio e campo de fútbol) coma veciñal en man común.

Carto.- Realizada a anterior notificación polo Xurado do acordos de data 02/02/06, o Servizo Provincial de Montes e Industrias Forestais da Coruña, en execución do disposto na referidas sentenza, procedeu á medición da superficie ocupada polas instalacións dotacionais existentes na Parcela II do monte Deira e Pedroso, ós fins de excluí-las do perímetro veciñal.

Quinto.- En data 11/07/06, polo Servizo Provincial de Montes se remite notificación ós promotores do expediente nº 345 e ó Concello de Boiro, no que se lles informa da execución, achegandolles plano no que se reflicten as superficies excluídas do monte veciñal por ser instalacións dotacionais públicas e concedéndolles audiencia no expediente sen que ningún deles formulase alegación algunha.

Sexto.- O monte veciñal Deira e Pedroso referido ó expediente 345, unha vez executada a sentenza que lle afecta (excluíndo cementerio e campo de fútbol), é o que se describe a continuación:

Expediente: nº 345

Monte: Deira e Pedroso

Lugares: Brión, Boliña, San Vista Alegre e Berres

Parroquia: Boiro

Concello: Boiro

Superficie: 39,35 Hectáreas

Lindeiros: É parte da Parcela II do monte Deira e Pedroso nº 148 do C.U.P.

Norte: Propiedades particulares de veciños de Reboredo e Vilariño, do piquete nº 535 ó 553 do deslindamento, seguindo a orde de piquetes.

Leste: propiedades particulares de veciños de Trebonzos, do piquete 553 ó 276, e deste ó 289 seguindo a orde de piquetes. Monte veciñal de Abanqueiro do piquete 289 ó 345, seguindo o lindeiro do devandito monte. Propiedades particulares dos veciños de Abanqueiro, do piquete 345 ó 368, seguindo a orde de piquetes.




Sur: Propiedades particulares de veciños de Abanqueiro e Vista alegre, do piquete 368 ó 419, seguindo a orde de piquetes.


Oeste: propiedades particulares de veciños de Vista Alegre, Brión, Boiro e Vilariño, do piquete 419 ó 535, seguindo a orde de piquetes.

Á vista dos antecedentes expostos, este Servizo Provincial da Coruña de Montes e IIFF,
**ORDEA A INSCRIPCIÓN DO MONTE DEIRA E PEDROSO, REFERIDO Ó
EXPEDIENTE Nº 345 NA SECCIÓN PROVINCIAL DO REXISTRO DE
MONTES VECIÑAIS EN MAN COMUN, SEGUNDO OS DATOS QUE SE
RECOLLEN NO APARTADO SEXTO DO PRESENTE ESCRITO.-**

1

O XEFE DO SERVIZO DE MONTES E IIFF

Asdo.  Jose J. Martel Muñoz-Cobos





JMMC/nls
27/11/07

209545

Rexistro MVMC
Edif.Advo Monelos-5ª
A Coruña

En data 24/11/06 foi inscrita no Rexistro de MVMC a parcela II do monte denominado Deira e Pedroso a favor da comunidade de montes dos lugares de Brión, Boliña, San Vista Alegre e Berres, en cumprimento do acordo de data 02/02/06 adoptado polo Xurado de MVMC da Coruña, de acatamento da sentenza de 10 de novembro de 2005 dictada no recurso de apelación 5418/2002, confirmatoria da sentenza de data 27/07/02 do Xulgado do contencioso-administrativo nº 3 da Coruña dictada no procedemento ordinario 81/2001, que declara o monte Deira e Pedroso –referido ó expediente de clasificacion número 345 excluído o cemiterio e campo de fútbol- como veciñal en man común.

A exclusión das instalacións mencionadas na sentenza, - *cemiterio e campo de fútbol*- foi realizada de oficio por esta Administración segundo os datos que constaban na planimetría do Servizo de Montes e IIFF, en canto a superficie e localización, non obstante, a petición da comunidade de montes afectada, procedeuse ó levantamento material das extremas do cemiterio a excluír, arroxando unha superficie e ubicación distintas ás notificadas no escrito de execución de sentenza de data 17/11/06.

Por todo o anterior compre facer unha rectificación no que atinxe á execución da sentenza de data 10-11-05 dictada no recurso de apelación nº 5418/2002 , confirmatoria da de data 27/07/02 dictada polo Xulgado do Contencioso-administrativo nº 3 da Coruña no procedemento ordinario nº 81/2001 que declaraba o Monte Doira e Pedroso- referido ó expediente de



clasificación nº 345, excluído o cemiterio e campo de fútbol, coma veciñal en man común.

Así, da medición efectuada resulta que o cemiterio ocupa unha superficie de 1,62 hectáreas e o campo de fútbol 1,10 hectáreas, polo que a superficie a excluír, segundo sentenza é de 2,72 hectáreas.

De consuno co exposto , **o monte veciñal Doira e Pedroso** referido ó expediente nº 345, clasificado como veciñal en man común por sentenza de data 27/07/02, excluíndo o cemiterio e campo de fútbol, é o que se describe a continuación:

Expediente: 345

Monte: Doira e Pedroso

Lugares: Brión, Boliña, San Vista Alegre e Berres

Parroquia: Boiro

Concello: Boiro

Superficie: 42,33 hectáreas

Lindeiros: É parte da parcela II do monte Doira e Pedroso nº 148 do CUP

Norte: Propiedades particulares de veciños de Reboredo e Vilariño, do piquete nº 535 ó 553 do deslindamento, seguindo a orde de piquetes.

Leste: propiedades particulares de veciños de Trebonzos, do piquete 553 ó 276, e deste ó 289 seguindo a orde de piquetes. Monte veciñal de Abanqueiro do piquete 289 ó 345, seguindo o lindeiro do devandito monte. Propiedades particulares dos veciños de Abanqueiro, do piquete 345 ó 368, seguindo a orde de piquetes.

Sur: Propiedades particulares de veciños de Abanqueiro e Vista alegre, do piquete 368 ó 419, seguindo a orde de piquetes.

Oeste: propiedades particulares de veciños de Vista Alegre, Brión, Boiro e Vilariño, do piquete 419 ó 535, seguindo a orde de piquetes.




Á vista dos antecedentes expostos, por este Servizo Provincial da Coruña de Montes e IIFF, se procede Á RECTIFICACIÓN DA INSCRIPCIÓN DO MONTE DEIRA E PEDROSO, REFERIDO Ó EXPEDIENTE Nº 345 NA SECCIÓN PROVINCIAL DO REXISTRO DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMUN, SEGUNDO OS DATOS QUE SE RECOLLEN NO PRESENTE ESCRITO.

O que se lle notifica para o seu coñecemento e ós efectos oportunos.

O XEFE DO SERVIZO PROVINCIAL DE MONTES E IIFF

Asdo.- José J. Martel Muñoz-Cobos



 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL DELEGACIÓN PROVINCIAL DA OURENZA	MVMC. "DEIRA E PEDROSO" DOS LUGARES DE BRION, BOLINA, SAN VISTA ALEGRE E BERRES DA PARROQUIA DE BOIRO.		Nº do expediente 345
	Xefe da Área Técnica de MVMC 		Asdo: 
RESTO PARCELA II: 45,05 ha EXCL. CEMITERIO: 4,00 ha EXCL. C. DE FUTBOL: 1,10 ha		CONCELLO: BOIRO	DATA xuño de 2006
SUPERFICIE MVMC: 39,35 ha		ESCALA 1: 5.000	